

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ADAPTADA DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP COUCEIRO FREIJOMIL

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B.1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicar os resultados.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, en fontes directas ou indirectas, análízaa, saca conclusións, comunica a súa experiencia reflexionando acerca do proceso seguido e comunicándoo oralmente e por escrito.
	CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
	CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.).
	CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
	CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.
	CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.
B.1.2. Establecer conxecturas, tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural como sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou dunha experiencia.	CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
B.1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
	CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.
B.1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas Investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes Soportes.	CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
B.2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións de relación do corpo humano, e establecer	CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.

<p>relacións entre eles e determinados hábitos de saúde.</p>	<p>CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.</p>
<p>B.2.3.Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo. Adoptar estilos de vida saudables, coñecer as repercusións para a saúde do seu modo de vida, tanto na escola coma fóra dela.</p>	<p>CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables</p>
<p>B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.</p>	<p>CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.</p>
<p>B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos</p>	<p>CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.</p>
	<p>CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.</p>
<p>B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</p>	<p>CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.</p>
	<p>CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.</p>
	<p>CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.</p>
	<p>CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.</p>
<p>B1.1.Realizar un traballo de investigación que supona a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados.</p>	<p>CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.</p> <p>CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>

<p>B1.3. Conocer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.</p>	<p>CSB1.3.1. Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.</p> <p>CSB1.3.3. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, taboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.</p>
<p>B1.3. Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.</p>	<p>LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación</p>
<p>B1.9 Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.</p> <p>B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos</p>	<p>LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.</p> <p>LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite...</p> <p>LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.</p> <p>LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ...</p>
<p>B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.</p>	<p>LCB4.1.1. Coñece e reconece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras.</p> <p>LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos ao producir textos orais e escritos.</p>
<p>B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.</p>	<p>LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.</p> <p>LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos</p> <p>LCB4.2.5. Reconece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado.</p>

<p>B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de numeros (romanos, naturais, fraccions e decimais ata as milesimas).</p>	<p>MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numericos e da vida cotia, numeros (naturais, fraccions e decimais ata as milesimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posicion de cada unha das suas cifras.</p>
<p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de numeros segundo o seu valor, en situacions da vida cotia.</p>	<p>MTB2.2.1. Interpreta en textos numericos e da vida cotia, numeros (naturais, fraccions e decimais ata as milesimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posicion de cada unha das suas cifras.</p> <p>MTB2.2.2. Ordena numeros enteiros, decimais e fraccions basicas por comparacion, representacion na recta numerica e transformacion duns noutros.</p>
<p>B2.6. Conecer, utilizar e automatizar algoritmos estandar de suma, resta, multiplicacion e division con distintos tipos de numeros, en comprobacion de resultados en contextos de resolucion de problemas e en situacions da vida cotia.</p>	<p>MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estandar de suma, resta, multiplicacion e division con distintos tipos de numeros, en comprobacion de resultados en contextos de resolucion de problemas e en situacions cotias.</p> <p>MTB2.6.9. Estima e redondea o resultado de un calculo valorando a resposta.</p>
<p>B3.2. Operar con diferentes medidas.</p>	<p>MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de anteman.</p> <p>MTB3.2.2. Expressa en forma simple a medicion da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.</p> <p>MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>
<p>B3.5. Identificar e resolver problemas da vida cotia adecuados ao seu nivel, establecendo conexions entre a realidade e as matematicas e valorando a utilidade dos conecementos matematicos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolucion de problemas.</p>	<p>MTB3.5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificacion, reconecemento das relacions, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construindo, argumentando... e tomando decisions, valorando as suas consecuencias e a conveniencia da sua utilizacion.</p>

<p>B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.</p>	<p>EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</p>
<p>B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.</p>	<p>EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).</p>
<p>B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.</p>	<p>EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar</p>
<p>B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.</p>	<p>EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural. EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.</p>
<p>B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</p>	<p>EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.</p>
<p>B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.</p>	<p>EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas.</p>
<p>B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.</p>	<p>PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.</p>
<p>B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto</p>	<p>PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.</p>

B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto	PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
B4.1 Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares predicibles	PLEB4.1 - Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.
B5.3 Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	PLEB5.3 - Inicia e remata as interaccións adecuadamente.
L.E.Francés. Construír en soporte electrónico textos moi curtos e sinxelos compostos de frases simples illadas, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións moi familiares.	L.E.Francés. Entende a idea xeral do que se lle di en xestións habituais, en situación de necesidade inmediata.
L.E.Francés. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás.	L.E.Francés. Entende a información esencial en conversacións breves e sinxelas. (temas familia, escola)
L.E.Francés. Manexar estruturas sintácticas básicas (p.e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos)	L.E.Francés. Comprende con apoio visual o esencial de instrucións sinxelas en notas, letreros en rúas, tendas, medios de transporte, colexios, etc.
B1.2-Esforzarse por identificar que a adhesión ao ben xera felicidade.	REC-B1.2.1-Xustifica criticamente as consecuencias que se derivan de facer o ben.
B2.2-Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.	REC-B2.2.2-Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.
B3.1-Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xenera o encontro con Xesús.	REC-B3.1.1-Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.
B4.2-Identificar o vínculo que existe entre a Última Cea e a paixón, morte e resurrección de Cristo.	REC-B4.2.1-Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea.
B1.2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.1. Utiliza, de xeito guiado, estratexias de reestruturación cognitiva. VSCB1.2.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, a vez que respecta os dos e das demais nas actividades.

B1.5. Desenvolver a autonomia e a capacidade de empreendimento para conseguir logros persoais responsabilizandose do ben comun.

VSCB1.5.1. Identifica, define problemas sociais e civicos e achega solucons potencialmente efectivas.
VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucons potencialmente efectivas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Análise das producións de carácter práctico elaboradas polo alumnado: baséase na análise do resultado dun produto levado a cabo polos alumnos despois dun período de tempo determinado
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Portafolio: é a colección de documentos de traballo do alumno que utilizarei para evidenciar as habilidades, esforzos, progresos e logros do alumnado. Servirá tamén como ferramenta de autoavaliación e como coavaliación.- Investigación de campo: avaliando a búsqueda, selección e organización da información sobre o tema proposto desde un contexto natural e real mediante técnicas de recolección de datos como enquisas ou entrevistas- Tarefas de diferente tipo no Libro dixital EDIXGAL. Videoconferencias semanais co grupo aula.
Cualificación final	<p>O procedemento para obter a cualificación final de curso será: 80% media da 1ª e 2ª avaliación e 20 % da terceira avaliación, sempre para mellorar e nunca para diminuír a media da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Neste terceiro trimestre, a maiores, terase en conta as circunstancias persoais do alumnado á hora de ser avaliado.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Vídeos, actividades interactivas, xogos tipo encrucillados, sopa de letra, etc. Fichas de reforzo , propostas culturais,...Todas elas de repaso e reforzo do traballado no 1º e 2º trimestre.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Metodoloxía activa e global , atendendo a varias competencias. Dadas as características do confinamento quedaron diminuídas as actividades orais e grupais, reforzadas a competencia dixital e a autonomía na aprendizaxe. Ao estar o centro en ABALAR e EDIXGAL o nivel de conectividade é bo mais as realidades familiares diversas determinan fortemente o desenvolvemento pedagóxico – didáctico.
Materiais e recursos	Material impreso: libros en PDF Edixgal, fotos, xornais e fichas de elaboradas polo profesorado. Material audiovisual e informático (TIC): ordenador portátil, cámara de fotos e video, plataforma EDIXGAL, procesador de texto, aplicacións informáticas, dispositivos electrónicos, bancos de sons e imaxes,etc. Especialidades: Correo electrónico, materiais electrónicos das editoriais empregados durante este curso, recursos e aplicacións online, materiais impresos, páxina web do centro e blogs das diferentes especialidades.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Temos varias vías :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os correos electrónicos diarios co alumnado/familias. • Chamadas telefónicas ás familias ou ao alumnado en ocasións. • Mensaxes abalarmóbil, individuais ou aos grupos • Videoconferencia semanal co grupo clase . • Blogs das diferentes especialidades.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.